



CONCELLO DE BEGONTE

ORDENANZA REGULADORA DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS POLO CONCELLO DE BEGONTE

Exposición de motivos:

Unha parte certamente significativa da actividade financeira do municipio canalízase a través de subvencións, co obxecto de dar resposta ás demandas sociais e económicas de persoas e entidades públicas ou privadas e, sobre todo, coa idea de fomentar a vertebración da sociedade civil, condición sempre necesaria dunha sociedade democrática. Son precisamente as asociacións e entidades civís de todo tipo as destinatarias principais desta actividade financeira, na seguridade de que así promovemos a formación de cidadáns socialmente activos e a través deles e do seu esforzo melloramos a prestación de servizos e realización de actividades de interese público, no eido social, asistencial, cultural, educativo ou deportivo.

Desde a perspectiva económica, as subvencións son unha modalidade relevante de gasto público e, polo tanto, deben axustarse ás directrices da política orzamentaria orientada polos criterios de estabilidade seguindo os principios pactados pola Unión Europea. Este marco xeral procura que as Administracións Públicas, entre elas a Administración Local, non gaste máis do recadado, previsto ó mesmo tempo gastar mellor.

Coa entrada en vigor da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, faise necesario adaptar a actividade subvencionadora municipal os criterios da mesma. Así:

O artigo 9.2 da mencionada Lei impera a obriga, con carácter previo ó outorgamento das subvencións, de aprobar as normas que establezan as bases reguladoras das súa concesión. Nesta orde de cousas, o artigo 17.2 sinala que as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais débense aprobar, entre outros medios, a través dunha ordenanza xeral de subvencións.

Por outra banda a Disposición adicional décimo cuarta da Lei xeral de subvencións establece a obriga de proceder á adecuación dos procedementos regulados pola mesma ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais; fixando, asemade, a Disposición transitoria primeira o prazo dun ano para a adaptación da normativa reguladora das subvencións ó réxime xurídico establecido na mesma.

En cumprimento das previsións legais invocadas o Concello de Begonte aproba a presente Ordenanza Reguladora de Subvencións, na que se establecen con carácter xeral as bases para a concesión das mesmas.



CONCELLO DE BEGONTE

Artigo 1.- Obxecto

É obxecto da presente ordenanza, con carácter xeral, estruturar e fixar os criterios, procedementos e réxime ó que debe axustarse a concesión e xustificación de subvencións a entidades, organismos, colectivos e cidadáns sen ánimo de lucro e particulares para a realización de programas que fomenten a cooperación entre o sector público e as asociacións, a participación dos cidadáns na actuación municipal así como a realización ou prestación de servizos ou actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

Artigo 2.- Concepto de subvención.

Considerarase subvención ós efectos desta ordenanza, toda disposición dineraria, ou calquera auxilio directo ou indirecto, valorable economicamente, que outorgue o Concello a favor de persoas públicas ou privadas que teñan a consideración de beneficiarios, nos términos desta ordenanza, e cumpran os requisitos seguintes:

Que a entrega se realice sen contraprestación directa por parte do beneficiario.

Que a entrega estea suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver. Debendo o beneficiario cumprir as obrigas materiais e formais que se teñan establecido.

Que o proxecto, acción, conduta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública ou interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Artigo 3.- Principios xerais

As subvencións a que se refiren as presentes normas outorgaranse dacordo cos principios de obxectividade, concorrencia e publicidade, transparencia, igualdade e non discriminación, eficacia e eficiencia. A tales efectos, o órgano competente para conceder subvencións establecerá, de non existir, e de forma previa á disposición dos créditos, as oportunas bases reguladoras específicas da concesión.

Artigo 4.- Réxime xurídico

A concesión de subvencións axustarase ás normas contidas nesta ordenanza e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de Subvencións; á normativa estatal de réxime local, contida fundamentalmente na Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local; Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais; Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos



CONCELLO DE BEGONTE

das Corporacións Locais. Asemade, axustaranse á normativa autonómica que resulte de aplicación en cada caso e ás Bases de execución do orzamento municipal.

Artigo 5.- Previsión Orzamentaria

As subvencións concedidas conforme ó disposto na presente Ordenanza, outorgaranse con cargo ás partidas 3.48, 4.48 e 7.48 que, a este efecto, se fixen con carácter anual nos orzamentos municipais.

Artigo 6.- Criterios xerais

As subvencións terán carácter voluntario e eventual e a súa concesión non implica obrigatoriedade por parte do Concello e non crea dereito nin establece precedente algún para futuras concesións.

A Corporación poderá revocalas ou reducilas en calquera momento, agás cláusula en contrario.

Non será esixible aumento ou revisión da subvención.

Non se concederán subvencións para finalidades que o Concello poida cumprir por sí mesmo con igual eficacia e sen maior gasto que o representado pola propia subvención.

As subvencións outorgaranse con arreglo ós principios de publicidade, transparencia, concorrência, igualdade; eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados polo Concello; eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Artigo 7.- Beneficiarios

Poderán solicitar as subvencións da presente ordenanza, calquera persoa física ou xurídica que cumpra os seguintes requisitos:

7.1.- Persoas xurídicas:

Que a sede social se atope en Begonte, desenvolvéndose, prioritariamente, o exercicio da actividade neste Concello. Excepcionalmente eximirase de cumprir o dito requisito ás asociacións ou entidades que a xuízo do órgano competente desenvolvan labores de recoñecido e marcado carácter educativo, deportivo, cultural ou benéfico, e as Comisións de Festas xurídicamente constituídas así como aquelas nas que concorran os presupostos establecidos no artigo 11.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Que se atopen constituídas sen ánimo de lucro.

Que acrediten documentalmente encontrarse ó corrente das obrigas fiscais e de Seguridade Social, á data de solicitude da subvención.

Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo concello de Begonte, salvo que se lle concedese excepcionalmente prórroga.



CONCELLO DE BEGONTE

7.2.- Persoas físicas

Deberán estar empadroadas en Begonte e presentar a documentación que para cada tipo de axudas se estableza nestas Ordenanzas e nos acordos ou resolucións que se dicten ó respecto polo Concello.

Artigo 8.- Procedementos de concesión

Procedemento en réxime de concorrència competitiva.- O procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrència competitiva. A estes efectos terá a consideración de concorrència competitiva ó procedemento mediante o cal a concesión das subvencións realízase mediante a comparación das solicitudes presentadas, a fin de establecer unha prelación entre as mesmas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nas bases reguladoras e na convocatoria, e adxudicar, co límite fixado na convocatoria dentro do crédito dispoñible, aquelas que obtiveran maior valoración en aplicación dos citados criterios.

Neste suposto a proposta de concesión formularase ó órgano concedente por un órgano colexiado designado. A composición do órgano colexiado será a que establezan as correspondentes bases reguladoras.

Procedemento de concesión directa.- Poderán concederse de forma directa as seguintes subvencións:

As previstas nominativamente no orzamento municipal, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

Aquelas no que dito outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguerán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación de acordo coa súa propia normativa.

Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a convocatoria pública.

Cando polo obxecto das mesmas estea previamente acreditado que non existe constituída máis dunha asociación, sociedade, clube ou entidade con domicilio no municipio adicada ó desenvolvemento das actividades, proxectos, accións ou programas obxecto da subvención a outorgar.

Inclúense neste apartado as subvencións a outorgar a:

As Comisións de festas que se celebren nas diferentes parroquias do Concello.

As Entidades ou asociacións deportivas, culturais, xuvenís e educativas con sede no termo municipal de Begonte.



CONCELLO DE BEGONTE

As axudas individuais para situacións de emerxencia social ata un importe máximo individual de 600,00 euros.

As de escolarización de ata 100 euros por axuda.

Que figuren nominativamente no orzamento municipal non significa, nembargantes, que o beneficiario teña dereito á súa percepción, senón unicamente o importe máximo de subvención que poida outorgarlle o Concello. En todo caso, precisárase a adopción de acordo ou resolución polo órgano competente que estableza a contía e as condicións nas que se concrete a subvención.

En ningún caso, poderán outorgarse subvencións por contía superior á que se determine na convocatoria.

Artigo 9.- Documentación

A documentación que con carácter xeral se deberá acompañar é a seguinte:

Solicitude, asinada polo interesado, no caso de persoas xurídicas, polo órgano social que teña atribuída a estatutariamente a representación da Entidade e acompañada por fotocopia do DNI, ou por quen teña conferida a delegación debidamente acreditada.

No suposto de agrupacións sen personalidade xurídica, a solicitude de subvención, deberá ser asinada por tódolos membros da devandita agrupación acompañada da fotocopia do DNI de cada un dos membros, nomeando un representante que asumirá perante o concello os deberes previstos nas presentes bases. Os membros da agrupación responderán solidariamente fronte ó concello das obrigas sinaladas nas presentes bases e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións durante o tempo establecido nos seus artigos 39 e 65.

Programa detallado da actividade ou servizo para os que se solicita a subvención, especificando a súa denominación, data, lugar de realización, expresión da finalidade que se persegue, o número de persoas a quen se dirixe e os medios humanos e materiais que van a empregarse.

Presuposto total e desglosado por partidas das actividades a realizar, así como dos ingresos previstos.

Importe da subvención solicitada.

Certificado de número de conta corrente da Asociación á que se ten que efectuar a transferencia.

Importe das subvencións e axudas pedidas ou concedidas por outras entidades para o mesmo fin.

Declaración na que se acredite encontrarse ó corrente das súas obrigacións fiscais con este Concello.

Certificados expedidos pola Facenda Estatal e a Tesourería Xeral da Seguridade Social de encontrarse ó corrente das obrigas fiscais e de Seguridade Social.



CONCELLO DE BEGONTE

Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións establecidas polos artigos 13.2 e 3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

A documentación que especificamente se derive das bases específicas de cada convocatoria.

Se as solicitudes non reunisen os datos esixidos ou non viñeran acompañadas da documentación reseñada, requirirase ó interesado que no prazo de 10 días, contados a partir do seguinte á recepción da petición, emende as deficiencias, advertíndoo que, de non facelo así, desestimarase a súa solicitude de subvención por defectos de forma.

Artigo 10.- Criterios de Valoración.

Para a concesión das subvencións, e en orde a fixar a contía das mesmas, valorarase a maior ou menor concorrencia na solicitude presentada, das seguintes condicións, según se trate de:

A continuidade, estabilidade e solvencia da entidade solicitante no ámbito no que vaia desenvolver a actividade e programa proposto

A dificultade acreditada pola entidade solicitante para acudir a outros medios de financiación, así como os medios económicos con que conte a mesma, en relación co importe solicitado como subvención.

A orixinalidade do programa ou actividade a desenvolver.

Grado de interese ou utilidade das fins perseguidas.

O número estimado de persoas que poidan ser beneficiadas coa realización do programa ou actividade.

A viabilidade técnica e económica do programa e das actividades proxectadas.

Aqueles outros que polas peculiares características do acto ou programa que se trate, se aprecien polo órgano competente para resolver.

Os criterios que se recollan nas bases específicas de cada convocatoria. Neste sentido as axudas individuais en situacións de emerxencia social precisarán informe favorable dos Colexios de Educación Infantil e Primaria de Baamonde e Begonte para os alumnos escolarizados nos mesmos.

Artigo 11.- Convocatoria e prazo de presentación de solicitudes.

Para a subvencións do procedemento de concorrencia o prazo será de corenta días naturais seguintes á publicación das bases específicas que regulen a convocatoria de subvencións no Boletín Oficial da Provincia.

Nas de concesión directa nos supostos de entidades ou asociacións deportivas, culturais, xuvenís e educativas con sede no termo municipal de Begonte, realizarase anualmente unha convocatoria por medio de bandos informativos nos taboleiros a tal fin instalados nas parroquias e no da Casa do Concello.



CONCELLO DE BEGONTE

Artigo 12.- Órgano competente para a concesión.

Correspondente ó Sr. Alcalde-Presidente a instrución, ordenación do procedemento e concesión de subvencións, ó abeiro de canto se establece polo artigo 21.1.f. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen prexuízo das delegacións que poida conferir.

As bases específicas das subvencións de concorrencia competitiva deberán ser aprobadas polo Pleno da Corporación.

Artigo 13.- Obrigas do beneficiario

Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.

Xustificar perante o Concello o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou desfrute da subvención.

Someterse ás actuacións de comprobación, a efectuar polo Concello así como calesquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes aportando canta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

Comunicar ó órgano concedente a obtención de outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

Acreditar con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión que encontra ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social.

Dispoñer dos libros contables, estados contables e rexistros específicos que sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o exercicio das facultades de comprobación e control.

Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

Adoptar as medidas de difusión do feito de que a actividade se encontra subvencionada polo Concello de Begonte que se determinen que se determinen na convocatoria.

Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos de mal uso.

Aceptar a subvención; no caso de que isto non fose posible, deberá renunciar á mesma, expresa e motivadamente, no prazo de quince días hábiles contados a partir da recepción da notificación de concesión de subvención. O mesmo prazo rexe para a aceptación expresa da subvención.



CONCELLO DE BEGONTE

Artigo 14.- Xustificación da subvención.

Os beneficiarios das subvencións deberán presentar nas oficinas municipais correspondentes, nun prazo inferior ós 3 meses desde a finalización do programa ou actividade subvencionado e, en todo caso, antes do 15 de decembro do ano en curso, a seguinte documentación:

Memoria explicativa das actividades realizadas, con indicación dos obxectivos alcanzados e a súa correspondente avaliación.

Facturas orixinais e fotocopia compulsada das mesmas. A estes efectos as facturas deberán estar debidamente conformadas (datadas no exercicio económico para o que se concedeu a subvención, conter o número de identificación fiscal do preceptor, selos e sinaturas dos subministradores). Non se admitirán como xustificación os gastos realizados para o cumprimento de fins distintos para os que se concedeu a subvención.

Un exemplar do programa, cartel anunciador e fotografías ou outra documentación gráfica elaborada para o desenvolvemento da actividade subvencionada, debendo constar en tales exemplares o patrocinio do Concello de Begonte.

Fotocopias dos acordos de concesión de axudas económicas por outras institucións se non puideran aportarse no momento da solicitude da subvención perante esta Corporación.

De non gastar total ou parcialmente a subvención concedida ou de non se destinar ós fins previstos, deberá reintegrarse ás arcas municipais.

Cando se realicen pagos a Entidades que teñan que presentar declaración do I.V.E. a xustificación deberá vir acompañada da correspondente factura ou duplicado da mesma.

Declaración xurada expedida polo preceptor, de que foi cumprida a finalidade para a que se outorgou a subvención conforme ó proxecto presentado.

Admitirase, a maiores, calquera outra documentación que se poida pedir para a mellor xustificación do gasto, ou calquera outra da que se derive a realización da actividade.

Artigo 15.- Réxime sancionador

En todo o que respecta ó réxime sancionador estarase ó disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Primeira.- O órgano competente para o outorgamento da subvención realizará o oportuno seguimento das actividades subvencionadas, podendo solicitar en calquera momento, as explicacións ou documentación que considere oportunas.



CONCELLO DE BEGONTE

Segunda.- No suposto de que a entidade beneficiaria se disolva con anterioridade á data na que teñen a obriga de presentar a pertinente xustificación aplicarase o disposto no artigo 19 da Lei 3/1988, de 12 de febreiro de Asociacións.

Terceira.- A concesión das subvencións a que se refire a presente Ordenanza non implicará relación contractual algunha de carácter civil, laboral, administrativo ou de calquera outro tipo entre o Concello e a persoa ou entidade beneficiaria da subvención.

Cuarta.- Quedan excluídas desta Ordenanza as subvencións que puidera outorgar o Concello de Begonte que tiveran o seu fundamento en Convenios ou decisións específicas subscritas entre o Concello e outras Administracións Públicas ou Institucións de todo tipo.

Quinta.- Serán de aplicación nas subvencións de concesión directa ás asociacións culturais, deportivas e de veciños, con domicilio social en Begonte as bases específicas aprobadas polo Pleno do Concello na sesión de 16 de xaneiro de 2003.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor logo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo previsto polo artigo 65.2 en relación co 70.2 ámbolos dous da Lei 7/1985, do 2 de abril.